



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE MAIO DO 2025.

Sesión 07/2025-P

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u> <u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) <u>CONCELLEIROS</u> Grupo Sadamaioría (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA) D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP) D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) Grupo Mixto (GM) D. Emilio Graña Mosquera («BNG») <u>NON ASISTE</u> Grupo Mixto (GM) D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente»; con escusa) <u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto <u>SECRETARIA</u> D^a María del Carmen Seoane Bouzas	No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 18.00 horas do día xoves 29 de maio do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Pleno por así telo solicitado cinco concelleiros de diferentes grupos municipais (2 UPSA, 2 PP e 1 GM-PSOE) o 16 de maio do 2025, prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno extraordinario do concello de Sada, convocado a petición da cuarta parte polo menos do número legal de membros, con catro puntos na orde do día.

1º.- DEBATE SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DAS CONTRATACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SADA: LICITACIÓNS, CONTRATOS EN PRECARIO, CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DE PROXECTOS E OBRAS...



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000007

Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron a sesión, presentada o pasado día 16 de maio de 2025 (NRE 202599900002843 e 2844) e corrixida o 21 de maio seguinte NRE (202599900002936), que a continuación se reproduce literalmente:

«Solicitude de pleno extraordinario sobre o estado da contratación municipal.

Os concelleiros :

Dª Esperanza Arias Ferreiro, D. Fernando España López, (Partido Popular), Dª Almudena Pena Álvarez (PSdeG-PSOE), Dª María Nogareda Marzoa, Dª María Soraya Salorio Porral (UPSA) asinamos esta solicitude, dacordo co dereito que nos confire o Regulamento Orgánico do Concello de Sada no seu artigo 42, cuio teor literal di:

Artigo 42.-

"O Pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o Alcalde ou o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro poda solicitar máis de tres anualmente. Neste último caso, deberá ser convocada polo Alcalde dentro dos tres días hábiles seguintes á súa petición a través do Rexistro Xeral e a celebración do mesmo non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fose solicitada, non podendo incorporarse o asunto á Orde do Día dun Pleno ordinario ou de outro extraordinario con máis asuntos, se non o autorizan os solicitantes da convocatoria.

Se o Presidente non convocase o pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado dentro do prazo sinalado, quedará convocado para o décimo día hábil seguinte ao de finalización de dito prazo, o que será notificado polo Secretario da Corporación a todos os membros da mesma ao día seguinte ao de remate do prazo citado anteriormente. En ausencia do Presidente ou de quen legalmente deba substituílo, o Pleno quedará constituído sempre que concorran alomenos un terzo do número legal de membros do mesmo, e será presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes."

EXPOÑENDO OS SEGUINTE MOTIVOS:

Esta iniciativa nace ante a necesidade de dedicarlle un tempo e traballo específico e urxente o estado das contratacións do concello para realizar diversos servizos recorrentes e necesarios para o mesmo, moitos deles sen licitar, outros en precario ou non cumprindo o acordado, como advirten reiterativamente os informes de Secretaría e Intervención.

O obxecto é a mellora da estabilidade e xestión presupuestaria do Concello, identificando carencias nas contratacións municipais, aportando entre todas as medidas para cubrilas, solucionar os erros atopados e optimizar o control e seguimento dos servizos contratados polo concello dentro das márxenes da lexislación vixente.

Por todo iso, as concelleiras e concelleiros dos distintos grupos que suscriben

SOLICITAN:

- **PRIMEIRO.-** Convocar un **PLENO EXTRAORDINARIO** nos termos legais e regulamentarios anteriormente expostos.
- **SEGUNDO.-** Incluír na **ORDE DO DÍA** de esta sesión extraordinaria, os seguintes asuntos:
 1. **DEBATE** sobre a situación actual das contratacións municipais do concello de Sada : licitacións, contratos en precario, contratación e execución de proxectos e obras...
 2. **PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SADA.**

Proposta de acordo:

1º. Prorrogar o contrato do servizo de Axuda no Fogar no Concello de Sada, coa empresa SERVEO SOCIAL, S.L.U., co CIF B85621159, por un prazo de 1 ano, contado desde o día 01/06/2025 ao 31/05/2026.

2º. Dispoñer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria correspondente do vixente Presuposto municipal.

3º. Designar como responsable do contrato a Ana Cobas García, Coordinadora da Área de Benestar Social do Concello de Sada, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º. Notificar este acordo á empresa adxudicataria.

3. PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL FLORA RAMOS FLORITA DO CONCELLO DE SADA.

Proposta de acordo:

1º. Prorrogar o contrato do servizo de escola infantil coa actual adxudicataria, por un prazo de 1 ano, contado desde o día 01/06/2025 ao 31/05/2026.

2º. Dispoñer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria correspondente do vixente Presuposto municipal.

3º. Designar como responsable do contrato á psicóloga, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º. Notificar este acordo á empresa adxudicataria.



4. DACIÓN DE CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN (INCLUÍDO O HISTORIAL) QUE SE INICIARON POR ACORDO PLENARIO DO 23.07.2024: XARDIÑERÍA, LIMPEZA VIARIA, LIMPEZA DE PRAIAS (EN LOTES COA VIARIA), PISCINA, GARDERÍA, AUGA, SAF.

• **TERCEIRO.-** Que se incorpore a documentación dos expedientes referidos na orde do día para poder tratar os asuntos coa antelación suficiente para o coñecemento por parte dos concelleiros, incluíndo os historiais dos mesmos. E en relación ao punto 1 en concreto a seguinte documentación:

- todos os contratos vencidos e os próximos a vencer no 2025 e 2026 de competencia plenaria.
- a listaxe de gastos das dúas últimas anualidades de contratacións que non se licitaron, como por exemplo: suministros de materiais para obras, suministro de combustible, carpas, etc.
- os expedientes completos de contratacións e licitacións de obras e proxectos en curso.
- os expedientes e/ou facturas de encargos de pregos/estudos, e de non haber facturas, a proposta de gasto, autorizada ou non e o correspondente informe de fiscalización».

Ábrese o debate cunha exposición xeral que realiza a sra. Arias Ferreiro (PP) sobre a motivación da convocatoria desta sesión extraordinaria, recordando a multitude de contratos que están sen licitar ou carencias e erros nalgúñas contratadas. Destaca tamén que hai outros contratos que non son competencia plenaria pero dos que tamén é preciso falar nese punto, sobre todo obras, porque existe Matiza que cando os veciños informan e chaman aos concelleiros da oposición para contarlles os problemas e preocupacións non se trata de manipulación senón que se trata de escoitar, e aclara que o di por unhas declaracións que saíron de que estaba sendo manipulada.

Intervindo a continuación o sr. Graña Mosquera, quen ademais desculpa a ausencia da sra. Pena Álvarez (GM-BNG) por motivos laborais e aclara que non asinou a convocatoria do pleno extraordinario porque non vía necesaria a súa sinatura e di que hai unha lentitude no Concello nos trámites e agarda que o leno sirva para iso.

Intervén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), para dar conta de que non sabe se se solucionou pero que lles están a transmitir que non se está a ver o pleno (refírese á retransmisión da sesión por medio da tecnoloxía multimedia coñecida como *streaming*).

Toma a palabra a sra. Arias Ferreiro (PP), quen fala detalladamente sobre a obra da rúa Sanjurjo Badía, sinalando unha serie de deficiencias: empregouse unha parcela para botar residuos, clasificada como solo rústico de protección de espazos naturais; non se contrata a xestión de residuos perigosos, existindo na obra fibrocemento de amianto, e parte da tubaxe segue enterrada; falla de estudo de impacto ambiental; falla de control de calidade independente. Engade que todo elo que está prexudicando ás vivendas. Sinala que podería estarse a falar de fraude en contrato público e argumenta extensamente, a continuación, os motivos, entre os que se atopa que non coincide o certificado co executado. Conclúe que se deben supervisar e controlar as obras por parte do Concello e solicita unha serie de medidas. Repasa as obras de Sada y Sus Contornos e a pista de patinaxe. En conclusión da súa intervención, dá lectura a unha serie de preguntas, que previamente reparte e que se reproducen:

«GESTIÓN DE RESIDUOS

1. ¿por qué la empresa contratista usó un terreno protegido para acopiar materiales y verter residuos?
2. ¿alguien del ayuntamiento la autorizó a hacerlo?
3. ¿por qué no hicieron nada para impedirlo?
4. ¿por qué se no contrató la gestión de residuos con amianto al comenzar la obra?
5. ¿quién va a pagar la descontaminación del terreno donde estuvo tirado el amianto durante meses?
6. ¿Tienen redactado el censo de instalaciones, construcciones y edificaciones que existen en el municipio que tengan o que puedan tener elementos con amianto al que le obliga la disposición adicional decimocuarta de la ley 7/2022?
7. ¿quién va a retirar el relleno de residuos que realizó la empresa en terreno protegido para evitar llevarse dichos residuos a un centro de valorización de residuos autorizado?
8. ¿quién y cómo va a retirar la tubería de fibrocemento con amianto que se dejó enterrada bajo los nuevos pavimentos?
9. ¿quién va a pagar las multas por todo lo que le he relatado?

CONTROL DE CALIDAD

1. ¿Por qué no se contrató el control de calidad antes de comenzar las obras?



2. *¿Lo han contratado a lo largo de la obra, o sigue sin contratar?*
3. *¿Se ha realizado alguna prueba de control?*
4. *¿Por qué pagaron las certificaciones si no estaba realizado el control de calidad?*
5. *¿Quién va a asumir las responsabilidades que de ello se derive?*
6. *¿Van a ordenar contratar y realizar las pruebas de carga que le permitan certificar que los pavimentos ejecutados resisten las cargas que tienen que resistir?*

EJECUCIÓN DE LA OBRA

1. *¿Por qué se pagaron cosas que estaban mal hechas si estaban avisados de que estaban mal hechas?*
¿Se van a arreglar? En caso afirmativo, ¿a qué están esperando?
2. *¿Por qué se pagaron que no están hechas? ¿Se van a ejecutar? ¿Qué sucede con el dinero que se pagó? ¿Lo va a devolver la empresa? ¿Y, en cualquier caso, por qué lo cobró?*
3. *¿Por qué aprobó el alcalde con urgencia, el 30 de diciembre de 2024, la última certificación, y además lo hizo sin contar con la junta del gobierno? ¿Cuál era la urgencia si la obra desde entonces no ha avanzado nada?*
4. *¿Piensan recepcionar la calle?*
5. *¿Dónde están los escritos de los vecinos? ¿Por qué no constan incorporados al expediente de la obra?*
¿Se les va a responder en algún momento?
6. *¿Quién va a asumir las responsabilidades que de todo lo que he relatado se derivan?*

PETICIONES

1. *Solicite a las empresas concesionarias de los servicios que le emitan informe sobre si van a poder usar las instalaciones ejecutadas por la empresa constructora: Unión Fenosa Distribución, AVATEL, VIAQUA.*
2. *Solicite informe a patrimonio sobre el resultado de la obra.*
3. *Solicite a la policía local, que es la que tiene las competencias en tráfico, que revise la señalización de la calle y las arquetas de las instalaciones.*
4. *Solicite una serie de catas para ver los espesores reales de los nuevos pavimentos y de las capas sobre las que se ejecutaron.*
5. *Contrate una serie de pruebas de carga para ver si los pavimentos resisten lo que establece la normativa vigente».*

A continuación, toma a palabra a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen di que isto vén ocorrendo dende hai 10 anos, dirixíndose ao sr. Graña sobre as dúbidas que expoñía de se o pleno ía solucionar algo, dille que non vai solucionar absolutamente nada xa que non hai interese en facer as cousas ben. Anuncia que vai dar lectura a algún dos informes, aínda que dende o luns lle foron chegando 1600 documentos e seleccionou algúns. Cita o informe xurídico da obra da Praciña da Mariña, facendo mención aos antecedentes que poñen de manifesto atrasos en trámites de arredor de nove meses. Sobre a comentarios desafortunados sobre certas manipulacións di que o sr. Portela nunca manipula, e engade que curiosamente eses comentarios so llos di ás mulleres. Fai recordatorio da obra do Tarabelo, a pista de patinaxe e o control de calidade, que foi a primeira discusión que tivo no Concello, os tubos de fecais, non existe control de nada, di que como expuxo a sra. Arias das comprobacións materiais é a punta do iceberg e recorda cando foi falar cun funcionario para impoñer penalidades a unha empresa e lle contestou que tiña que mira porque iso non se fixera nunca, e resulta que hai unha empresa que non cumpre co servizo e se lle segue pagando e non pasa nada. Cita diversas cuestións das contratacións de Sada y Sus Contornos, as ventás de Mondego, apelando ao resto dos grupos de que se fagan as comprobacións materiais como corresponde, pista de patinaxe, Párroco Villanueva, que di que lle pareceu ver que se vai a pagar, e di que ten unhas dúbidas e pídelle ao interventor que lle aclare unha parte do seu informe sobre o “enriquecemento inxusto” que pasa a ler e pregunta se hai unha correcta execución desa obra.

O interventor di que «*entendo que están certificadas, evidentemente existe un informe do director de obra que dá como ben executada a obra, eu evidentemente pois a iso me ateo*».

Prodúcense algunhas risas entre o público e fai aclaracións o presidente, sr. Portela Fernández (SM), sinalando que o que acaba de dicir o interventor é que as certificacións aprobadas ou pendentes de aprobación están correctamente executadas, pero falta máis da metade da obra por facer.

Continúa a sra. Nogareda dicindo que entende que o director de obra certifique pero existe un pasado importante de directores de obra que certifican o que non corresponde, polo que non se pode estar pagando o que di o director de obra cando a obra está incompleta e xera inconvenientes aos veciños e pide que conste en acta que se



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000007

tomen medidas, tamén co director de obra. Recorda que en xullo do 2024 se fixo un pleno sobre o mesmo e se iniciaron varias contratacións de competencia plenaria, e cita os historiais dos expedientes coa paralización dos escasos trámites facendo fincapé no do SAF e exclama que despois dun ano quereda saber canto custaron eses pregos. Conclúe que igual a oposición debería darlle unha volta a esas 7 dedicacións exclusivas, porque calquera empresa cando alguén non traballa suspéndeo de emprego e soldo e igual hai que suspender ou rebaixar o soldo e recuperalo cando proceda.

Intervén de novo o presidente, quen di que *«simplemente pregar evidentemente ao público pero sobre todo aos concelleiros da Corporación que cando falen os habilitados estatais por favor eviten rirse das súas intervencións como aconteceu hoxe, paréceme totalmente vergoñento e algo que non podemos permitir, moitas grazas»*;

Intervén novamente o sr. Graña, a sra. Arias, a sra. Nogareda, quen lle di ao sr. Graña que el con outras persoas está votando a favor de cuestións ilegais e repite que valorará levar a un pleno como moción que se faga algo con estas obras e as comprobacións. Dille ao sr. Alcalde que concorda co de non rirse de ninguén pero lle pide a el que non se ría de Sada.

O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, quen sinala que vai contestar ás acusacións, que non lle gusta rirse de ninguén e menos dos veciños, que atendeu aos veciños durante todos eses anos e en canto á xestión de residuos di que a adxudicataria de Sanjurjo Badía é a responsable da correcta xestión e no expediente si aparece o plan de xestión de residuos e o director de obra “que é a máxima autoridade dentro da xestión dunha obra e o que certifica el é o que vale”:

«Di que nesa obra non estaba contemplada a aparición de residuos perigosos. Cando aparece unha tubaxe de amianto inmediatamente refléctese no modificado do proxecto que se presenta e incrementábase ao mesmo tempo a partida destinada á xestión de residuos, que pasa de 3.000 a 6.000 euros. Ao mesmo tempo, hai que dicir, e tampouco o digo eu que o di o director de obra, a propia empresa tiña varios operarios coa titulación requirida para poder manipular ese tipo de material que ‘encapsularon’ parte del e creo que dun cacho dunha tubaxe, creo que dun metro ou algo así, que está con resto encima doutro resto de escombros, por certo nunha parcela que están utilizando como provisión (‘acopio’) de materiais e de escombros que en teoría non debería acceder ninguén alí pero non sei por que si que se accedeu.

Neste sentido tamén gustaríame falar destos de axitar así o medo na xente, falar de solos contaminados e, ‘bueno’, que pouco menos que aquilo é Chernobil, que esa obra non está rematada, que ese resto dunha tubaxe si está alí, o resto está ‘encapsulado’, pero quero recordar tamén que hai uns meses, non moitos, esa mesma tubaxe era a que daba de beber á xente en Fontán; hoxe en día está cambiada por unha tubaxe que ten todas as garantías sanitarias.

Tamén quero facer fincapé nesa dobre vara de medir moi típica do PP e dalgún grupo así tamén ‘cercano’ e tal de que fala de ‘acopios’ en zonas, se hai permisos, se non hai permisos; curiosamente saen agora con todo isto, pero esa mesma parcela foi utilizada pola Xunta cando fixo a senda, alí ‘acopiaron’ durante meses restos de obra, de entullos; entullos e restos de obra alí durante meses e curiosamente non dixeron nin “mu”, nunha parcela segundo vostedes protexida, etc. e daquela non houbo ningún tipo de pega, e estivero alí meses, pero en fin.

Despois tamén quería facer unha alusión a que non se atenden as peticións dos veciños, ‘bueno’, recibíronse varias incidencias por danos nalgúnhas vivendas, hai que dicir que nalgunha falábase incluso de inundacións nalgunha das casas, ‘bueno’, si que houbo, non sei se chegou ao nivel de inundación, pero houbo filtracións, e foi nun momento no que a rúa estaba por completo levantada e, ‘bueno’, por datos pluviométricos que teño aquí incluso, como dicilo?, podería ter sido moito peor se non se fixeran as cousas como se fixeron».

Continúa a súa intervención facendo mención a unha serie de escritos recibidos e o contido e contestación e mencionando unha serie de obras.

Interveñen outra vez o sr. Graña, a sra. Arias e a sra. Nogareda.

2º.- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SADA.

Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron a sesión, presentada o pasado día 16 de maio de 2025 (NRE 202599900002843 e 2844) e corrixida o 21 de maio seguinte NRE (202599900002936), que contén a proposta que a continuación se reproduce literalmente:

«Proposta de acordo:



1º. Prorrogar o contrato do servizo de Axuda no Fogar no Concello de Sada, coa empresa SERVEO SOCIAL, S.L.U., co CIF B85621159, por un prazo de 1 ano, contado desde o día 01/06/2025 ao 31/05/2026.

2º. Dispoñer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria correspondente do vixente Presuposto municipal.

3º. Designar como responsable do contrato a Ana Cobas García, Coordinadora da Área de Benestar Social do Concello de Sada, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º. Notificar este acordo á empresa adxudicataria».

Ábrese o debate, coas intervencións do sr. Lonja Tajés (PP), quen explica o que se pretende neste punto.

Intervén o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) para dicir: «Boa tarde, preguntas, entendemos que o contrato do servizo de atención no fogar entra en precario en breve, entendemos que a proposta dos propoñentes é aprobar a prórroga; gostaríanos saber dende o BNG e supoño que a veciñanza que nos escoita cales son as alternativas que hai, se que siga en precario pode ser positivo ou non, non ten pintas, pero 'bueno', quería saber datos obxectivos de como sería a cousa ou que ten de positivo que fagamos a prórroga, non temos nese sentido..., o mellor sería, evidentemente, actualizar o contrato, facer un novo, pero estamos neste fregado e os propoñentes..., fala o punto dous "prórroga da contratación do servizo de non sei que", supoño que votar a favor da prórroga ou non, non sei, se me aclaran a situación».

Continúa a quenda de intervención de novo do sr. Lonja.

O sr. Portela Fernández (SM) di: «Quero aclarar ao público que eran os concelleiros propoñentes son os que están falando, quero dicir que non é un tema de aclaración de como temos que estar, eles traían unha proposta hoxe aquí a pleno e esperábase que a fixeran e a defenderan, pero sorpréndenos que nos pregunten a nós a situación cando fixeron eles a proposta a este pleno. Creo que como é un contrato de pleno a prórroga do contrato ten que traerse a pleno, non está prorrogado no momento que non houbo ningún acordo plenario que así o fixese, é op que se trae hoxe proposto por vostedes e evidentemente teñen todo o dereito a facer esta proposta e a defendela e así lles estamos dando a quenda de palabra».

Continúa o sr. Lonja; a sra. Salorio Porral (UPSA); novamente o sr. Portela.

A sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada do servizo de Benestar Social e Igualdade e Emprego manifesta: «Boa tarde a todas e a todos. O artigo 29 da Lei de Contratos do Sector Público no apartado 2 establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante todo o período de duración destas. A prórroga acórdase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza con polo menos dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Polo tanto, por unha banda, se a prórroga non se notifica ou se fai fóra de prazo a prórroga non será obrigatoria para o contratista, quen decidirá se quere ou non prorrogar o contrato, e por outra, se hai prórroga, mantéñense intactas as características do contrato durante toda a súa vixencia. A xustificación de non querer facer a prórroga vén dada porque durante a vixencia do contrato producíronse incrementos notables nos custes salariais derivados das subidas do IPC dos últimos anos, xa que o convenio colectivo non se actualiza desde 2011. Custos especialmente significativos tratándose dunha actividade intensiva en man de obra. Este incremento dos custes dificulta a continuidade do contrato nas condicións actuais, xa que se daría un desequilibrio económico financeiro que comprometería a sostibilidade do servizo. Estamos falando dun incremento por custe hora que segundo un estudo económico realizado pasaría dos 17,5 euros por hora que se estaba pagando na actualidade a 23,44 euros/hora, unha diferenza de 6,39 euros nun contrato de 70.000 horas estimadas anuais e que supón un incremento do contrato de 447.300 euros ao ano. Polo tanto resulta necesario adaptar os pregos técnicos e os administrativos para garantir que o futuro do contrato reflicte axeitadamente as novas condicións de mercado, os custes reais do servizo e as garantías laborais esixidas pola normativa vixente, garantindo a calidade do servizo e a viabilidade económica do mesmo. Dende o día dous de abril están presentados por rexistro os pregos actualizados, que xa teñen o informe de retención do crédito necesario; faltarían os preceptivos informes para sacalos a licitación».

E engade o alcalde: «Simplesmente comentar para a xente, intentar explicar e así ao mesmo tempo intentar responder a algunha das dúbidas salientadas. Se prorrogamos o contrato teríamos o contrato prorrogado nestas condicións, exactamente nas mesmas, durante un ano, durante un ano enteiro. A diferenza, sra. Salorio, dixo moi ben que era dun 35%, para que a xente entenda a día de hoxe a hora está contratada a 17,05 euros máis IVE, no informe de viabilidade nos novos pregos licítase a 23,44, o que evidentemente suporía un desequilibrio e ter que mantelo durante un ano, porque non se pode facer a prórroga por menos tempo. Por iso foi a razón pola que non se executou o aviso previo que contempla a Lei de contratos para non obrigar á empresa a estar un ano nas mesmas condicións; esas son as razóns e por iso non se fixo o aviso previo. Si que hai uns pregos elaborados, hai un borrador, falta que se emitan os informes preceptivos e cando se teñan os informes preceptivos e se son válidos pois poderse traer a este pleno, que é o órgano competente, non está prorrogado, non se pode facer noutro órgano, este é o órgano competente, como así consta no expediente no certificado de existencia de crédito feito polo interventor, que é a gran diferenza entre os dous contratos que se traen hoxe aquí: este xa se puido xerar crédito por decreto da Alcaldía; no da escola infantil traemos a xeración de crédito que é o pleno o órgano competente con cargo ao remanente de Tesourería e vén no terceiro punto do pleno ordinario que temos a continuación. Esa é a gran diferenza entre os dous



contratos que se debaten e era para que a xente coñecese a situación, esa é a realidade do asunto».

De novo o sr. Graña: «Boas. Resumindo, pero non sei van propoñer os convocantes deste pleno someter a votación o tema da prórroga. Si? Entón eu entendo dende o punto de vista do que sexa mellor para a veciñanza, para o concello e para a administración entendo que prorrogar non é o mellor; se entendín o que dixo a sra. Salorio, estou de cordo con vostede, entón prorrogar non é unha solución, sería mellor telo incluso en precario uns días, supoño, senón que me corrixa o alcalde ou alguén que entenda máis ca min. E despois sacar un prego novo e aprobalo porque senón as condicións nas que se vai a prestar este servizo son bastante precarias, usando a verba anterior. Entón, de verdade, se van sometelo a votación, dende o BNG, pero tomando como referencia a información que nos acaban de dar, o mellor é actualizar o prego».

O sr. Alcalde di: «Esquecín comentar unha cousa, como non se realizou o aviso previo se acordamos hoxe a prórroga ten que aceptar a empresa, non o expliquei».

E de novo o sr. Graña, a sra. Arias, a sra. Salorio, o presidente, outra vez a sra. Salorio, o presidente, a sra. Salorio, a secretaria, o presidente e o sr. Graña.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 UPSA, 4 PP).
- Votos en contra: 1 GM-BNG.
- Abstencións: 7 SM.

Resultando aprobado por maioría o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Prorrogar o contrato do servizo de Axuda no Fogar no Concello de Sada, coa empresa SERVEO SOCIAL, S.L.U., co CIF B85621159, por un prazo de 1 ano, contado desde o día 01/06/2025 ao 31/05/2026.
- 2.- Dispoñer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria correspondente do vixente Presuposto municipal.
- 3.- Designar como responsable do contrato a Ana Cobas García, Coordinadora da Área de Benestar Social do Concello de Sada, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares.
- 4.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria.

3º.- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL FLORA RAMOS FLORITA DO CONCELLO DE SADA.

Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron a sesión, presentada o pasado día 16 de maio de 2025 (NRE 202599900002843 e 2844) e corrixida o 21 de maio seguinte NRE (202599900002936), que contén a proposta que a continuación se reproduce literalmente:

«Proposta de acordo:

- 1º. Prorrogar o contrato do servizo de escola infantil coa actual adxudicataria, por un prazo de 1 ano, contado desde o día 01/06/2025 ao 31/05/2026.
- 2º. Dispoñer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria correspondente do vixente Presuposto municipal.
- 3º. Designar como responsable do contrato á psicóloga, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares.
- 4º. Notificar este acordo á empresa adxudicataria».

Ábrese o debate cunha explicación previa do presidente, sr. Portela Fernández (SM), e continúa coas intervencións da sra. Val Armesto (PP), quen fai unha exposición.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) aclara: «A nosa postura anterior foi pensando na veciñanza, en que os traballadores e traballadoras estiveran con mellores condicións, se vamos prorrogar e lles vamos manter os mesmos soldos cando a vida sube..., o BNG estamos na oposición, quen ten que facer o prego é o grupo de goberno, eu lles pediría, e isto non é cuestión dun rogo porque isto é



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000007

outra historia, se van sacar un prego actualizando prezos..., pero teñen que comprometerse a iso porque ía ser mellor que unha prórroga.

A postura do BNG sempre vai ser a que favoreza á maior xente posible aínda que supoña neste caso no servizo da escola infantil se actualizar o prego vai supor que vai haber unha maior calidade do servizo e saímos gañando aínda que teñamos que meter máis cartos pero porque é o xusto, é así, vamos votar en contra da prórroga porque non ten sentido. Hei recoñecer que este pleno si que vale para dicirles aos membros do goberno que fan as cousas tarde; é obvio, fan as cousas tarde, xa o dixemos, o dixestes vos, pero vamos, que a solución que aportamos desde a bancada da dereita é peor, que a solución que aportades é peor, non entendo nada, entón o voto vai ser contrario desde o BNG».

Toma a palabra outra vez a sra. Val: «A ver, sr. Graña, si decimos que no el próximo lunes pues los críos ya no pueden ir al cole, sin ya decimos que no, que no hay prórroga, como hacemos, dígamelo».

E o sr. Graña contesta: «Eu non estou no goberno, non teño que dicir moita cousa, pero isto queda en precario e estamos nas mesmas condicións que se rexeitan a prórroga, e que estamos nas mesmas; e se rexeitan a prórroga, que quedan, os nenos sen escola? É o mesmo, entón estamos nunha situación, culpa do goberno, obviamente, pero estamos nunha situación na que a mellor das solucións a este problema non é prorrogar, desde o punto de vista do BNG, nós estamos na oposición, nós non xestionamos esta historia, quen chegou tarde cos pregos son os señores do goberno, a min non me veñan con historias, que pasa, que a solución que aporta a bancada da dereita no é boa, entón habemos votar en contra, síntoo».

Ao que engade a sra. Val: «A ver, hai un pleno, que foi o 23 de xullo do 2024 no que xa se dixo que se fixeran todos estes contratos novos e que se licitaran; non se fixo, pois agora xa está, non se fixo aínda que se insiste en que as cousas veñan a tempo e que se fagan ben non se fan; entón, que facemos agora, díganolo vostede, que facemos?».

E contesta o sr. Graña: «Que saquen un prego porque é mellor estar en precario dous meses a prorrogar, unha situación incómoda para a empresa e para os traballadores e traballadoras».

A sra. Val prosegue: «Nada, pois iso, que que facemos agora, e que non hai outra solución práctica, o que si que eles que fagan isto rapidamente e que saia canto antes, e que eses prezos suban porque teñen que subir; 'bueno', nós non vemos outra solución rápida e práctica».

Toma a palabra a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen di: «Bueno, e que en relación a este tema estamos falando do que nós interpretamos, entendemos ou nos gustaría, a todos nos gustaría que os contratos estivesen estupendamente ben, que os traballadores e traballadoras cobrasen o que teñen que cobrar e que o servizo se prestase de maneira óptima; evidentemente non é así. O gracioso de todo isto é que as mesmas xustificacións que deu o sr. Portela hai un ano para prorrogar o SAF e que xa se lle advertiu, como estaba comentando a miña compañeira, de que se desen presa para que un ano máis non pasase o mesmo, pasou un ano e chegamos ao mesmo punto, estamos exactamente na mesma postura, o ano pasado segundo el non tiña por que acabar o ano, agora xa desdicímonos e é certo, ten que ser un ano a prórroga, pero neste caso non é unha cuestión de opinións, é unha cuestión de legalidade, cando unha empresa entra en precario o problema é que vai seguir cobrando o mesmo porque non pode cobrar máis cartos, coa excepción de que saia unha nova licitación; se vai cobrar máis cartos estamos cometendo unha ilegalidade, entón aquí non é unha cuestión de me gusta ou non me gusta, é unha cuestión de cumpro ou non cumpo, porque estamos aquí pois moitas veces para tomar medidas que non son as máis populares, pero tamén hai que buscar o foco de todo isto, e o foco de todo isto é que levamos un ano sen que a xente que lle corresponde faga os seus traballos, basicamente, is é o que se está debatendo, e por iso se propoñen as prórrogas, e somos conscientes de que a empresa non as vai aceptar e de que o concello vai ter un problema como lembramos que pasou hai catro anos ao saír dun pleno, estabamos aquí entre o sr. Portela, a sra. Reimúndez, o meu compañeiro, o señor interventor e a sra. secretaria co mesmo problema do SAF, por un incremento de prezos que non se xustificaba e que se valoraba como ilegal. Entón, o que dixemos, o prego quen o ten que facer? O goberno; que o faga, que o traia e que o aprobemos, coas condicións axeitadas e coa suba da vida axeitada. Non o trae? Non podemos remar en contra da legalidade, é o que estamos comentando, nada máis. Que isto é positivo? Por suposto que non é positivo».

E o sr. Graña conclúe: «Só aclarando a postura do BNG, estamos na mesma condición acordando salarios en precario que en prórroga, probablemente coa prórroga nos constriña a estar un ano si ou si mantendo eses prezos, ese é o problema que vemos».

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 UPSA, 4 PP).
- Votos en contra: 1 GM-BNG.
- Abstencións: 7 SM.

Resultando aprobado por maioría o seguinte ACORDO:



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000007

- 1.- Prorrogar o contrato do servizo de escola infantil coa actual adxudicataria, por un prazo de 1 ano, contado desde o día 01/06/2025 ao 31/05/2026.
- 2.- Dispoñer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria correspondente do vixente Presuposto municipal.
- 3.- Designar como responsable do contrato á psicóloga, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares.
- 4.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria.

4º.- DACIÓN DE CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN (INCLUÍDO O HISTORIAL) QUE SE INICIARON POR ACORDO PLENARIO DO 23.07.2024: XARDINERÍA, LIMPEZA VIARIA, LIMPEZA DE PRAIAS (EN LOTES COA VIARIA), PISCINA, GARDERÍA, AUGA, SAF.

O presidente dá conta de que se lles facilitaron aos membros da Corporación unha cantidade importante de expedientes de contratación solicitados, incluído o historial, como así ademais di que o manifestaron varias veces nesta mesma sesión, malia que ao mellor algún aínda falta, e solicita que se lle permita un receso de cinco minutos antes de dar comezo á sesión plenaria ordinaria deste mes que hase desenvolver deseguido.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 18 minutos do día xoves 29 de maio do 2025, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.